

5. Proposta de reclamación de informe do Consello Científico sobre a afección de proxectos mineiros na Reserva da Biosfera, á Secretaría do Programa Persoa e Biosfera.

Toma a palabra D^a. Andrea Macho Benito comentando que *“esta proposta no ano 2013 a trouxo o Sindicato Labrego Galego a este Órgano de Participación (na reunión do 31 de xullo de 2013), porque nese momento existían varios permisos de exploración que afectaban a diferentes concellos da Reserva da Biosfera Terras do Miño.*

Debido á preocupación que se tiña neste Órgano pola posible afección ao patrimonio natural desta Reserva, celebrouse unha reunión extraordinaria do Órgano Reitor o 24 de setembro de 2013 na que se acordaron dous puntos: por unha parte, solicitar ao Consello Científico do Comité Español do Programa Persoa e Biosfera que realizase unha avaliación científica e obxectiva das posibles repercusións que este proxecto podía conlevar sobre o estado de conservación dos valores ambientais e culturais da Reserva de Biosfera Terras do Miño; e por outra parte, tamén solicitabamos que o Consello Científico (que está representado en Galicia polo doutor Pablo Ramil do Ibader, informase aos organismos autonómicos que, tendo en conta a nova lexislación de avaliación ambiental, debería pedir informe á Reserva da Biosfera nos procedementos de proxectos mineiros, redes eléctricas, etc. que poidan afectar a este territorio.

En setembro de 2013 fíxose esta petición á Secretaría, comprobamos toda a documentación este ano 2020 porque o Sindicato Labrego Galego solicitounos esta avaliación, e a verdade é que nos dimos conta que non se recibira. Non sabemos se a Secretaría a chegou a solicitar, pero o Consello Científico non se posicionou neste tema.

Ademais da afección que pode ter este proxecto mineiro Lago II nos concellos de A Fonsagrada, Baleira, Baralla e Becerreá (non todos están na Reserva da Biosfera), existen outros proxectos mineiros que estaban en tramitación no ano 2014, e o Sindicato Labrego Galego tamén o comentou na reunión do Órgano de Participación dese ano, e son os proxectos Alicia, Karles e Pastoriza, que afectarían aos concellos de Castro de Rei, A Pastoriza, Abadín, Cospeito, Vilalba e Riotorto.

Por todo o exposto, traemos esta proposta a este Órgano para que, se vos parece ben, solicitar de novo á Secretaría directamente, que o Consello Científico emita informe da posible repercusión destes proxectos na Reserva da Biosfera.”

A continuación toma a palabra D^a. Margarita Prieto Ledo comentando que *“os proxectos da Terra Cha non son proxectos de investigación, senón que son de explotación. Dende o ano 2006 hai un conflito moi importante cos concellos (aquí hai algúns representantes municipais que saben deste tema) e ten habido moitos contenciosos. Na actualidade están de novo moi activos, por exemplo, na Pastoriza coas licenzas. Houbo varias sentenzas desestimatorias polas licenzas urbanísticas e neste momento están intentando de novo sacalas adiante.”*

Deseguido toma a palabra D^a. Pilar García Porto indicando que *“traemos esta proposta a este órgano para informar se estamos de acordo con ela e eleva-la ao Órgano Reitor, o sometemos á vosa consideración.”*

A proposta é informada favorablemente por unanimidade.